



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)



*RESOLUCIÓN da Secretaria Xeral de Universidades do 29 de xullo de 2016 pola que se informa favorablemente a fase de estadía, segundo o disposto na Orde do 2 de outubro de 2013 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2013 e se procede á súa convocatoria.*

A orde do 2 de outubro de 2013 (DOG Núm. 197, do 15 de outubro de 2013) establece as bases polas que se rexela a concesión das axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2013, en réxime de concorrencia competitiva. O anexo I desta orde regula a modalidade A destas axudas e establece no artigo 6 que as persoas contratadas polas universidades do SUG deberán realizar un mínimo de 21 meses de estadía e obter unha avaliación positiva desta fase para poder acceder ao contrato na fase de retorno.

De acordo co Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da xunta de Galicia e o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as competencias en materia de investigación universitaria correspóndenlle á Secretaría Xeral de Universidades.

De acordo coas directrices emanadas da Instrucción 1/2016, do 19 de xaneiro, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se inicia o procedemento de avaliación do rendemento na fase de estadía do persoal investigador contratado polas universidades do SUG, ao abeiro do programa de axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral para o ano 2013, modalidade A, os servizos técnicos da Secretaría Xeral de Universidades avaliaron a documentación remitida pola USC respecto de María Martín Seijo, contratada pola USC que finaliza o seu contrato de estadía o 4 de agosto de 2016.

Unha vez finalizado o proceso e de acordo co informe dos servizos técnicos, a Secretaría Xeral de Universidades,

**RESOLVE:**

1. Declarar que a persoa indicada a continuación acadou unha avaliación positiva da fase de estadía, conforme ao establecido no artigo 6 do anexo I da Orde do 2 de outubro de 2013 e coa Instrucción 1/2016. Será preciso a presentación do certificado actualizado da estadía xunto co contrato da fase de retorno.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

POS-A/2013/063	USC	Martín	Seijo	María	*****026J
----------------	-----	--------	-------	-------	-----------

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do dia seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2016

Q. Secretaría Xeral de Universidades  
José Alberto Díez de Castro

